

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2018/6

DATA: xoves 31 de maio de 2018

LUGAR: casa do concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: h

PRESIDE: ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO, que redacta esta acta.

ASISTEN

BNG
TOBIAS BETANZOS REGO
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA
ADELINA CES QUINTANS
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
RAQUEL GARCIA ABUIN
PP
MARIA VANESA MARTINEZ DURAN
ELISA BOUZAS VICENTE
ADELA BECERRA MAYO
ADRIAN VIDAL IGLESIAS
MARIA JESUS GALBAN TEIJEIRO
PSdeG-PSOE
MARIA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO
MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
MARTIN COMOJO VICENTE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
Rianxo en Común-SON
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ
ANTONIO CASTRO CASTRO

AUSENTES

ORDE DO DÍA

1. Aprobación Acta nº 4 do Pleno en sesión ordinaria do 26 de abril de 2018
2. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
3. Dar conta da Circular da Deputación da Coruña: Aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) 2018 - POS+ 2018
4. Dar conta da Circular da Deputación da Coruña: Aprobación Da 2ª e derradeira fase do

- plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) adicional 1/2017. pos +adicional 1/2017 por maior achega provincial 2ª fase
5. Autorizar a compatibilidade a traballadora Digna González Laiño. Auxiliar administrativa do Concello de Rianxo
6. Aprobación primeira Addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Rianxo par a execución das actuacións de mellora dos sistemas de saneamento e depuración na Ría de Arousa.
7. Acordo de formalizar a opción de compra do Pazo de Rianxiño
8. Moción do grupo municipal Rianxo en Común: Apoio ao Pobo Palestino
9. Moción do grupo municipal Rianxo en Común: Estudo/ Informe sobre os efectos previsibles do cambio climático en Rianxo
10. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2018/G010/000006 e identificado pola pegada dixital:

724529855

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=XXXXXXXXXX>

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

1. Aprobación Acta nº 4 do Pleno en sesión ordinaria do 26 de abril de 2018

- A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 4/2018 de 26/04/2018.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 26/04/2018, Acta nº 4/2018.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e

réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/04/2018 ata o 30/04/2018, que comprenden os números 267/2018 ao 366/2018, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 7 da Sesión ordinaria do día 9/04/2018
- Acta nº 8 da Sesión ordinaria do día 23/04/2018

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO

3. DAR CONTA DA CIRCULAR DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) 2018 - POS+ 2018

A Presidencia informa as persoas asistentes da circular recibida neste concello correspondente a subvención solicitada a Deputación da Coruña, Aprobando o Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Lan Único de Concellos) 2018- POS 2018,.

Relación dos expedientes que foron aprobados:

CONCELLO	GASTOS CORRENTES
RIANXO	45.165,75

ACHEGA PROVINCIAL 2018			
Denominación	Deputación	Concello	total
PAVIMENTACIÓN INTERIOR NO NÚCLEO DE BRIÓN 1ª FASE	113.559,91	10.000,00	123.559,91
ACONDICIONAMENTO DE EDIFICIO SEDE DA POLICÍA LOCAL	115.059,15	15.818,41	130.877,56
TOTAL	228.619,06	25.818,41	254.437,47

ACHEGA PROVINCIAL 2017			
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	total
Rede e abastecemento de auga no lugar de Lustres	104.439,13	12.000,00	116.439,13
Ampliación rede saneamento para Suigrexa e Montegrande, Asados	67.794,25	7.000,00	74.794,25
Ampliación da rede de saneamento nas zonas de Traba de Arriba e a Veiga (A Caplea Araño)	66.621,16	6.240,09	72.861,25
Mellora e Mantemento firme en Campo de Pazo - Iñobre	29.764,52	3.488,83	33.256,35
total	268.619,06	28.728,92	297.347,98

PRÉSTAMO 2018			
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Total
3ª Fase Edificio administrativo no parque da Alameda	157.440,03	25.354,32	182.794,35
Renovación de parque infantil no CEIP-ADR Castelao	50.000,00	8.544,64	58.544,64
total	207.440,03	33.898,96	241.338,99

ENTIDADE FINANCEIRA	IMPORTE PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO Á MINORACIÓN DA DÉBEDA MUNICIPAL	CÓDIGO PRÉSTAMO
BANCO BILBAO VICAYA ARGENTARIA S.A.	35.350,27	95.55014584
TOTAL	35.350,27	

PLAN COMPLEMENTARIO	
Denominación	Orzamento
RESTAURACIÓN DE PAVIMENTO DE ALAMEDA DE RIANXO	88.586,97
INSTALACIÓN DUN ASCENSOR NA CASA DO MAR	59.570,87
MELLORA DE CADROS DE ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR NO CONCELLO DE RIANXO	50.985,07
TOTAL	199.142,91

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO

4. DAR CONTA DA CIRCULAR DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA: APROBACIÓN DA 2ª E DERRADEIRA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) ADICIONAL 1/2017. POS +ADICIONAL 1/2017 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL 2ª FASE

A Presidencia informa as persoas asistentes da circular recibida neste concello correspondente a subvención solicitada a Deputación da Coruña, Aprobando a 2ª e derradeira fase do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) Adicional 1/2017. POS+ADICIONAL 1/2017 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL 2ª FASE

Relación dos expedientes que foron aprobados:

RELACIÓN DE INVESTIMENTOS FINANCIERAMENTE SOSTIBLES

Denominación	Deputación	Concello	total
PAVIMENTACIÓN PISTA SOMOZA-ASADOS-IGREXA-LEIRO	78.975,91	44.005,47	122.981,38
MANTEMENTO E MELLORA CEMITERIO MUNICIPAL RIANXO	87.007,50	10.000,00	97.007,50
TOTAL	165.983,41	54.005,47	219.988,88

RELACIÓN XERAL ACHEGA E OBXECTOS

CONCELLO	ASIGNADO	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
RIANXO	165.983,41	165.983,41	54.005,47	219.988,88

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO

5. AUTORIZAR A COMPATIBILIDADE A TRABALLADORA DIGNA GONZALEZ LAIÑO. AUXILIAR ADMINISTRATIVA DO CONCELLO DE RIANXO COA ACTIVIDADE DE AUXILIAR ADMINISTRATIVA DA EMPRESA GARCÍA SÁNCHEZ MARÍA JOSEFA

Vista a solicitude con RE 3 maio 2018 Re 2765 formulada pola traballadora Digna González Laiño Auxiliar administrativa do Concello de Rianxo na que solicita compatibilidade para o exercicio da actividade de auxiliar administrativa da empresa García Sánchez María Josefa

Considerando que o exercicio dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector privado require a previa declaración de compatibilidade polo Concello Pleno.

Considerando o disposto no art. 145 do RDLeg 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local -TRRL-, remítese, no réxime de incompatibilidades dos funcionarios da Administración Local, ao establecido con carácter xeral na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas -LIPAP- e normas que se diten polo Estado para a súa aplicación. O art. 2.1.c) LIPAP inclúe no seu ámbito de aplicación a todo o persoal ao servizo das Corporacións

Locais, precisando o art. 2.2 LIPAP que se entende incluído todo o persoal, calquera que sexa a natureza xurídica da relación de emprego; por tanto, refírese a calquera clase de persoal ao servizo do Concello, tanto funcionarios como laborais.

Considerando art. 4 LIPAP no que se sinala que se poderá autorizar a compatibilidade, cumpridas as restantes esixencias desta Lei, para un segundo posto de traballo non podendo modificar a xornada de traballo e horario do interesado, quedando automaticamente sen efecto en caso de cambio de posto de traballo no sector público (art. 14 LIF) será indispensable a previa e expresa autorización de compatibilidade, que non supoñerá modificación de xornada de traballo e horario dos dous postos e que se condiciona ao seu estrito cumprimento en ambos .

Visto o informe da secretaria de data 9 de maio de 2018 e en uso das atribucións que me confire a lexislación vixente propoño o pleno :

PRIMEIRO

Autorizar a compatibilidade a traballadora Digna González Laiño Auxiliar administrativa do Concello de Rianxo coa actividade de auxiliar administrativa da empresa García Sánchez María Josefa polos motivos anteriormente expostos e que se teñen aquí por reproducidos a todos os seus efectos.

SEGUNDO

En ningún caso a autorización suporá modificación de xornada de traballo e horario no posto de traballo no concello de Rianxo condicionándose a autorización de compatibilidade o seu cumprimento

TERCEIRO

Os servizos prestados no segundo posto, cargo ou actividade non se computarán a efectos de trienios nin de dereitos pasivos. As pagas extraordinarias, así como as prestacións de carácter familiar, só se percibirán polo posto principal.

CUARTO

O desempeño do segundo posto de traballo non poderá menoscabar, en ningún caso, a asistencia ao lugar de traballo, nin supor atraso, negligencia ou descoido no desempeño dos mesmos. As correspondentes faltas serán cualificadas e sancionadas conforme á lexislación aplicable, quedando automaticamente revogada a autorización ou recoñecemento de compatibilidade se na resolución correspondente cualifícase de falta grave ou moi grave

QUINTO

Comunicar o acordo que se adopte a interesada

Sendo as 20:10 h. incorporase a sesión plenaria a concelleira Hadriana Ordoñez Otero

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

6. APROBACIÓN PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE RIANXO PAR A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE MELLORA DOS SISTEMAS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN NA RÍA DE AROUSA. AGLOMERACIÓN DE RIANXO. CONCELLO DE RIANXO (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Con data 21 de setembro de 2017 o concello de Rianxo asina o convenio colaborador coa entidade pública empresarial Augas de Galicia para a execución das actuacións de mellora dos sistemas de saneamento e depuración na Ría de Arousa. Aglomeración de Rianxo. Concello de Rianxo (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no Marco do Programa Operativo FEDER GALICIA 2014-2020.

Con data 16 de maio de 2018, por medio electrónicos ten entrada no Concello, escrito de Augas de Galicia solicitando certificado do pleno da aprobación da Primeira Addenda ao convenio asinado con data 21/09/2017.

DENOMINACIÓN INVERSIÓN	IMPORTE €
- Anteproxecto de ampliación da Edar de Rianxo, Termo municipal de Rianxo . Xuño 2016 .Clave OH315.1106 .	7.506.342,69
- Proxecto de colector interceptor de tanque de tormentas en Rianxo	6.500.334,67

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º ñ) da Lei de Bases de Réxime Local para aprobar os proxectos .

Esta Alcaldía, propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Aprobar a primeira Addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial

Augas de Galicia e o Concello de Rianxo para a execución das actuacións de mellora dos sistemas de saneamento e depuración na Ría de Arousa. Aglomeración de Rianxo. Concello de Rianxo (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de desenvolvemento rexional (FDER) nun 80%, no Marco do Programa Operativo FEDER GALICIA 2014-2020.

ACORDAN subscribir esta addenda ao convenio de colaboración citado, Modificando a cláusula décima, nos seguintes termos:

DÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31,12,2021. porén, seguira producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

A sinatura desta addenda suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten na addenda, e mailo resto de especificacións contidas nesta, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 de 15 de febreiro) e do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia 8DOG nº 149 do 3 de agosto).

SEGUNDO

Remitir certificado de este acordo a Augas de Galicia.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

7. FORMALIZAR EN ESCRITURA PÚBLICA O DEREITO DE OPCIÓN A COMPRAVENDA DO PAZO DE RIANXIÑO

O Pleno da Corporación do Concello de Rianxo con data 5 de abril de 2018, acordou iniciar expediente de adquisición do inmovible do Pazo de Rianxiño, por adquisición directa, mediante compravenda.

REFERENCIA CATASTRAL : 5825001NH1252N0001FX

SUPERFICIE DA PARCELA : 10226 m2 segundo catastro , 9.452,50 m2 segundo plan parcial e estudo de detalle.

LOCALIZACIÓN	REHABILITACIÓN	AMPLIACIÓN	SUPERFICIE CONSTRUÍDA
PLANTA SOTO		66,92m2	66,92 m2
PLANTA BAIXA	251,39m2	500,31m2	751,70m2
PLANTA PRIMEIRA	245,11m2	436,27m2	681,38m2

TOTAL	496,50m2	1003,50m2	1500,00 m2

O mesmo acordo plenario acordou facultar a Alcaldía a NEGOCIAR coas actuais titulares RELIGIOSAS FRANCISCANAS MISIONERAS DE LA MADRE DEL DIVINO PASTOR, un dereito de opción de compravenda exclusivo e preferente sobre a finca, no caso de que non se exercite, o Concello aboara as actuais titulares a cantidade de 50.000,00 euros, (cincuenta e mil euros), debendo ser ratificado previamente o expediente antes da súa formalización por este pleno

Con data 27/03/2018 emítase Informe de técnico de idoneidade do Arquitecto da oficina de rehabilitación Carlos Henrique Fernández Coto.

Con data 02/04/2018 emite Informe de técnico de viabilidade de uso da Arquitecta Ana I Piñeiro Esperante .

Con data 20/04/2018, o Arquitecto da oficina de rehabilitación Carlos Henrique Fernández Coto, presenta unha taxación inmobiliaria da valoración do Pazo dos Vitorro en Rianxiño por importe de 1.903.352,00€ .

Con data 23/04/2018, o Rexistro da Propiedade de Padrón remite certificación de data 16/04/2018 da nota simple da inscrición na que consta que dita propiedade está a nome das RELIGIOSAS FRANCISCANAS MISIONERAS DE LA MADRE DEL DIVINO PASTOR.

Con data de abril de 2018, recíbese o borrador da escritura de opción de compra entre o Concello e as propietarios do Pazo de Rianxiño.

Con data 03/05/2018, asínase o Protocolo de intencións entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Rianxo para o financiamento da adquisición do Pazo de Rianxiño e obras de adaptación para centro de día, destinado a atención de persoas maiores, por importe de 600.000,00 €.

Con data 16/05/2018, preséntase no concello co número RE 20180000003022, Tasación levada a cabo pola empresa TINSA, Tasaciones Inmobiliarias SAU, por importe de 1.841.372,45 €.

O 25/05/2018 solicítase a Dirección Xeral De Patrimonio Cultural como órgano autonómico competente informe para a adquisición do pazo de Rianxiño por ser un ben de valor histórico ou artístico dacordo co previsto no artigo 272 da Lei de Administración Local de Galicia e artigo 11 RBEL

Por todo o anterior, por parte desta Alcaldía considerase xustificado pola súa especial idoneidade, polas peculiaridades da necesidade a satisfacer e polas condicións do mercado inmobiliario, así como a urxencia, e de acordo co artigo 116.4 da Lei de Patrimonio das Administracións Publicas, que se proceda a adquisición directa de dita finca para o que consideran necesario someter ao pleno, o inicio do expediente de adquisición da parcela.

Visto o informe de Secretaria e Intervención de data 28 de maio de 2018, cuxa conclusións son as seguintes:

".../...

IV. CONCLUSIÓNS

Á vista do exposto e examinada a documentación obrante no expediente, infórmase que previamente a adquisición :

1º Actualizar no rexistro da propiedade as edificación existentes na actualidade dado que so consta unhas ruínas

2º Debe constar autorización do órgano autonómico.

3º Certificado existencia de crédito

4º Determinar a Administración que xestionará o servizo e, no caso de que sexa o concello, deben solicitarse os informes previos da Administración competente por razón da materia, na que se sinale a inexistencia de duplicidades e da Consellería de Facenda da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, sobre a sostibilidade financeira das novas competencias.

5º Avaliar o impacto sobre os obxectivos de estabilidade orzamentaria, sostibilidade financeira, sostibilidade comercial e na regra de gasto: **debe elaborarse un proxecto de explotación do centro de día e valorar o impacto nestas magnitudes para o concello"**

Sendo competencia do pleno (Adquisición de bens e dereitos, así como o alleamento do patrimonio, nos termos e dentro dos límites establecidos na normativa aplicable (disp. Adic. 9ª da Lei 8/2007, e disp. Adic. 2ª.10 da LCSP), propónse o pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

ÚNICO

Facultar a Alcaldía a FORMALIZAR en escritura pública o dereito de opción a compravenda coas actuais titulares RELIGIOSAS FRANCISCANAS MISIONERAS DE LA MADRE DEL DIVINO PASTOR, por un ano, exclusivo e preferente sobre a finca, no caso de que non se exercite, o Concello aboara as actuais titulares a cantidade de 50.000,00 euros, (cincuenta e mil euros).

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: APOIO AO POBO PALESTINO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A historia desta infamia ven de lonxe. O 15 de maio de 1948, como consecuencia da creación do Estado de Israel, dá comezo o éxodo forzado do pobo palestino. Dende entón, Israel anexionou o 78% da Palestina histórica, facilitado a inmigración e nacionalización masiva de persoas xudías mentres expulsaba dos seus fogares a máis de 800.000 palestinos, converténdoo en refuxiados noutros países ou desprazados internos, ao tempo que negaba o dereito de retorno recoñecido na Resolución 194 da Asemblea Xeral de Nacións Unidas de máis de 7 millóns de refuxiados

palestinos e palestinas. Peor sorte correron os 13.000 palestinos que neste tempo foron asasinados ou o medio milleiro de aldeas e localidades que resultaron destruídas.

Este ano conmemórase o 70 aniversario daquela data, coñecida como o Día da Nakba ou da catástrofe, que é recordada anualmente con protestas e marchas en Palestina e outras partes do mundo. Non por casualidade, os EEUU, para amosar o seu apoio á política de ocupación israelí e con evidente desprezo á lexislación internacional, inauguraron un día antes a súa Embaixada en Jerusalén, cidade reivindicada por Israel como capital. Como era previsible, miles de palestinas e palestinos dos territorios ocupados saíron ás rúas en protesta pola aldraxe, sendo reprimidos polo exército israelí con disparos de munición real, deixando as mobilizacións un saldo de vítimas acorador e farto elocuente: nun só un día, 60 mortos e preto de 3.000 feridos.

De pouco ou nada parecen ter servido as diversas Resolucións que mentres tanto se teñen emitido por parte das Nacións Unidas, nas que teimosamente se veñen recoñecendo o dereito á autodeterminación do pobo palestino e o dereito de retorno dos refuxiados e refuxiadas. Malia todo elo, mantemos a convicción de que un futuro de paz, prosperidade e seguridade para arnbos pobos pasa obrigatoriamente por unha solución baseada na xustiza, e de que só unha presión efectiva exercida sobre o estado ocupante pode levalo a respectar o dereito internacional.

Por tódalas razóns anteriormente expostas, propónse a esta Corporación, reunida en Pleno, a adopción dos SEGUINTEs ACORDOS:

"7. Declarar a Rianxo Espazo Libre de Apartheid israelí (ELAI)

2. O Concello de Rianxo comprométese a non establecer convenio, contrato ou acordo de ningún tipo con institucións, empresas e organizacións israelís ato que Israel non recoñeza o dereito ó autodeterminación do pobo palestino e acate o dereito internacional.

3. O Concello de Rianxo dará o coñecer, inseríndoo na súa web e publicacións, o selo ELAI que recibirá en virtude desta declaración do Rede Solidaria contra a Ocupación de Palestina, que dá fe do seu compromiso cos dereitos do pobo palestino.

4. Instar aos gobernos autonómico e ao goberno central a que tomen todas os medidas para poñer fin ás relacións privilexiadas que manteñen co estado israelí, esixindo por exemplo a suspensión de compra-vendo de armas a este país.

5. Remitir este acordo ao Presidente do Goberno de España, ao Presidente da Comunidade Autónoma de Galicia, aos grupos parlamentarios do Parlamento Galego, do Congreso dos Deputados e do Parlamento Europeo, á Embaixada de Israel en España e ó Embaixador de Palestina en España.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a

constitúen, APROBAR a moción coas emendas, quedando o seguinte acordo:

1. Declarar a Rianxo Espazo Libre de Apartheid israelí (ELAI) e espazo de paz.
2. O Concello de Rianxo comprométese a non establecer convenio, contrato ou acordo de ningún tipo con institucións, empresas e organizacións israelís ato que Israel non recoñeza o dereito ó autodeterminación do pobo palestino e acate o dereito internacional.
3. O Concello de Rianxo dará o coñecer, inseríndoo na súa web e publicacións, o selo ELAI que recibirá en virtude desta declaración do Rede Solidaria contra a Ocupación de Palestina, que dá fe do seu compromiso cos dereitos do pobo palestino.
4. instar aos gobernos autonómico e ao goberno central a que tomen todas os medidas para poñer fin ás relacións privilexiadas que manteñen co estado israelí, esixindo por exemplo a suspensión de compra-vendo de armas a este país.
5. Remitir este acordo ao Presidente do Goberno de España, ao Presidente da Comunidade Autónoma de Galicia, aos grupos parlamentarios do Parlamento Galego, do Congreso dos Deputados e do Parlamento Europeo, á Embaixada de Israel en España e ó Embaixador de Palestina en España.
6. Exhortar ás autoridades israelís a cumprir estritamente a Convención dos Dereitos do Neno ratificada por Israel en 1991, a acompañar as medidas cautelares adoptadas sobre menores de todas as garantías xudiciais e procesuais previstas na lexislación civil israelí para os seus menores, e a poñer á práctica da detención administrativa de menores.
7. Lembrarlle a Israel as recomendacións de España no último Exame Periódico Universal a ese país (2013) no Consello de Dereitos Humanos e que non foron seguidas ata a data:
 - a) Traspoñer ao seu ordenamento xurídico as disposicións da Convención Internacional contra a tortura e outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes.
 - b) Investigar e procesar aos individuos sospeitosos de cometer torturas ou outros actos crueis, inhumanos ou degradantes.
 - c) Presentar formalmente cargos e axuizar, de conformidade cos estándares internacionais, a todas as persoas que se atopen en detención administrativa.

9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: ESTUDO/ INFORME SOBRE OS EFECTOS PREVISIBLES DO CAMBIO CLIMÁTICO EN RIANXO

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 17 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai agora dous anos. este pleno aprobou. unha moción presentada polo noso grupo, no que

pedíamos que Rianxo asinase o pacto dos alcaldes contra o cambio climático. Este pacto foi asinado en setembro de 2016, e comprometémos a levar adiante iniciativas que supoñan reducir un 40% as emisións de CO2 no ano 2030.

Esta e outras iniciativas que con posterioridade trouxemos ó pleno sobre eficiencia enerxética, cargadores de baterías de coches eléctricos, etc pretendían que fixeramos a nosa pequena contribución para mitigar o cambio climático, pero tamén aproveitar este inevitable cambio de modelo enerxético, cara as chamadas economías baixas en carbono como un factor de desenvolvemento económico.

A moción da que vimos falando, no último parágrafo da exposición de motivos dicía textualmente "Asinar o Pacto dos Alcaldes implica elaborar un inventario de referencia de emisións así como a avaliación de vulnerabilidades e riscos do cambio climático no noso concello a elaboración dun plan de acción para o clima e a enerxía sostible e elaborar un informe de situación cada dous anos".

Como non podería ser doutro xeito, demandamos que se cumpra co aprobado, pero non é este o obxecto desta moción. Parécenos importante establecer unha liña base de emisións, elaborar un plan de acción, facer informes cada dous anos... Xa o dixemos noutras ocasións, o camiño máis efectivo para mellorar é ter un plan. Aínda así, sabemos que se poden tomar medidas de redución de emisións sen elaborar estes documentos.

Poren, no parágrafo citado aparece tamén, "... avaliación de vulnerabilidades e riscos do cambio climático no noso concello..." conforme se vaian producindo os cambios, ás administracións e ós veciños non lles quedará máis remedio que tomar medidas para mitigar os efectos, pero se os anticipamos poderemos evitar sufrimento e incluso utilízalos como factor de desenvolvemento.

Pedimos nesta moción que se elabore un estudo de vulnerabilidades e riscos de Rianxo como consecuencia do cambio climático. Este tipo de documentos empezaron a elaborarse noutras vilas e cidades desde fai aproximadamente dez anos. Trátase de marcos de acción que deben ser revisados periodicamente en base o que vaia sucedendo e as novas previsións que a ciencia vaia avanzando. Estes documentos concretaríanse noutros máis operativos naqueles aspectos que nos vaian afectar máis especialmente. En termos xerais tratan, entre outros moitos aspectos que parecen menos relevantes, inundacións, vagas de calor, períodos extremos de seca e períodos de tempo máis frío do habitual.

En canto as inundacións, poderían ter dúas fontes unha a producida por episodios breves pero moito mais frecuentes de choivas intensas e outra, quizá máis preocupante producida polo aumento do nivel do mar. E dicimos máis preocupante, primeiro porque vivimos ó lado do mar, e segundo porque o incremento do nivel do mar esta previsto que se manteña por centos de anos aínda que fomos capaces de cumprir cos acordos do cumio de París de 2015 de control de emisións. Co cal este problema teríámolo sobre a mesa, o único que quedaría por determinar sería, con que rapidez e de que magnitude. O anterior podería ter efectos sobre aspectos

importantes do eido económico, sobre as infraestruturas de comunicación, sobre as infraestruturas de saneamento, etc.

En relación as vagas de calor, parece previsible que o que hoxe consideramos unha vaga de calor poida ser nun futuro non moi afastado un tempo habitual de verán, pero que á súa vez terá as súas vagas de calor. O anterior ten aspectos positivos e negativos. No lado positivo poderemos explotar mellor os nosos recursos turísticos, pero no lado negativo debemos ser conscientes de que aumentos de temperaturas medias de 2-3 graos aumentan a mortalidade dun xeito alarmante entre a xente maior e/ou con afeccións respiratorias. e dentro destes, sobre todo entre a xente máis desinformada e con menos recursos económicos.

Quedarían por tratar algún outro aspecto dos que habitualmente abordan estes documentos, e particularmente no noso caso o tema dos incendios, pero pensamos que os citados son suficientes para ilustrar a súa necesidade. Unicamente volver a incidir en que todos os cambios abren oportunidades, e que deberíamos intentar aproveitalas ó tempo que minimizamos os aspectos negativos.

Como este é un fenómeno global, á hora de elaborar este tipo de documentos debería buscarse a colaboración entre administracións.

Por todo o anterior, o grupo municipal de Rianxo en común proponlle ó Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Facer chegar as distintas administracións a necesidade dunha avaliación de vulnerabilidades e vulnerabilidades e riscos do cambio climático no noso concello, e pedir a súa colaboración económica e/ou humana para a súa elaboración.
2. Elaborar un documento de vulnerabilidades e riscos do concello de Rianxo ante o cambio climático.

Sendo as 20:55 h. Ausentase da sesión o concelleiro Adrián Vidal Iglesias.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

PROPOSTAS FORA DA ORDE DO DÍA

MOCIÓN PRESENTADA POR CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA.- APOIO Á CONVOCATORIA DE FOLGA XERAL PARA O 19 DE XUÑO DE 2018

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 16 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (C.I.G.) ten convocada Folga Xeral para o próximo 19 de Xuño, baixo o lema Sumando Loitas- Sobran razóns. Pola Recuperación dos nosos Dereitos. Na Galiza, emprego, salarios e pensións dignas.

As decisións políticas adoptadas desde o inicio da crise económica téñense demostrado un auténtico roubo e saqueo á clase traballadora e ao conxunto do pobo galego.

A recuperación económica da que se fai propaganda á diario non existe, é só para as persoas ricas, que aumentan a súa riqueza, á conta dun empobrecemento xeral.

Medra o paro e baixa a poboación activa. A taxa de paro é do 15,08%, maior que no ano 2009.

Ter un traballo non permite vivir en condicións dignas. As pensións non garanten poder adquisitivo. As reformas do sistema público de pensións, do 2011 e 2013, fan que na Galiza teñamos as pensións máis baixas do Estado español.

A reforma laboral impón pobreza laboral, non hai creación de emprego, hai precariedade, contratos de traballo en condicións escravizantes, a tempo parcial e salarios miserentos que tan sequera chegan ao salario mínimo interprofesional.

Cada día son máis persoas no desemprego non perciben ningún tipo de ingresos. Non para a emigración de xente nova, deixando sen futuro á sociedade galega.

Medran os sectores sociais abandonados polas Administracións ante os recortes sociais e privatizacións dos servizos públicos, do ensino, sanidade, servizos sociais, etc...

Criminalizan, reprimen, encadean a quen se mobiliza, quen exerce a liberdade de expresión, quen defende os dereitos da clase traballadora e quen loita polos dereitos das nacións que integramos o Estado español.

O Goberno de Feixó non toma iniciativas ante esta grave situación, sométese a estas políticas decididas en Madrid e Bruxelas, actuando só en favor dos Fondos de Inversión, que acumulan máis riqueza en menos mans, lonxe de GaIiza.

O Goberno español do PP, en minoría parlamentaria, cheo de corrupción e con total impunidade, reforza os recortes nos Orzamentos do Estado, mentres as teóricas forzas da esquerda española

son incapaces de poñerse de acordo para botalos das institucións, e acabar con todas estas reformas laborais e sociais que tanto dano fan.

Non se pode agardar máis. Está en xogo evitar que as novas xeracións vivan en peores condicións que as anteriores

A folga xeral é a resposta necesaria da clase traballadora para demostrarlle ao poder económico e político a nosa disposición de loitar pola recuperación dos nosos dereitos e por un futuro digno.

Para esixir a derogación das reformas laborais e da negociación colectiva. Debilitan á clase traballadora, precarizan o emprego, establecen novas formas de explotación laboral.

Para conseguir avances reais para as mulleres. A Folga do 8 Marzo debe traducirse no remate da fenda salarial, da temporalidade, do acoso sexual e laboral, das discriminacións por maternidade... A sentenza da Audiencia de Navarra confirma que a violencia patriarcal está instalada en todos os aparatos do Estado.

Para defender as pensións públicas. O PP non pode desoír o clamor social de pensións dignas. É a mellor defensa ante a próxima reforma do Pacto de Toledo. As medidas anunciadas nos Orzamentos é un engano, se non se derrogan as reformas de 2011 e 2013, o roubo ás pensións seguirá.

Contra os abusos da patronal, reforzada con estas políticas antiobreiras, paralizada a negociación colectiva, atacan as nosas condicións laborais e salariais, impón convenios estatais que non satisfán as nosas reivindicacións de emprego e salarios dignos.

Para frear as duras políticas do PP contra os/as desempregados/as. O Goberno de Raxoi prepara un novo recorte ao sistema de protección por desemprego, unificando as prestacións asistenciais para reducir o tempo e as contías dos subsidios.

Para acabar cos recortes sociais e a privatización de servizos públicos, lograr a derogación da LOMCE e da Lei de Saúde da Xunta de Feixoo. Para que o Ensino e a Sanidade sigan sendo galegas, públicas, universais, gratuítas e de calidade.

Para impedir o retroceso nas liberdades democráticas e nos dereitos fundamentais, da Lei Mordaza e da última reforma do Código Penal.

Pola rexeneración democrática fronte á corrupción actual, ante a crise política e institucional do réxime imposto coa Constitución do 78, que pretenden perpetuar a toda costa.

Por solidariedade e unidade da clase traballadora. Cómpre rachar a dupla realidade dentro da clase traballadora, de explotadas e sobre explotadas. A precariedade e a pobreza laboral pódense facer imparábeis.

Para conquistar o dereito a vivir e traballar dignamente na Nosa Terra. Para que a riqueza dos nosos recursos se utilicen para industrializar, crear postos de traballo dignos e mellores servizos

públicos. Para que a nosa emigración poida retornar.

Por todos estes motivos, a CIG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

Acordo

Primeiro.-Manifestar o apoio da Corporación Municipal a estas reivindicacións e animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta Folga Xeral do 19 de Xuño de 2018

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 6 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG), catro votos en contra (dos 4 membros do grupo PP) e seis abstencións (4 membros do grupo PSOE e 2 membros de Rianxo en Común) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

10. ROGOS E PREGUNTAS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2018/G010/000006 e identificado pola pegada dixital:

724529855

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=XXXXXXXXXX>

Rianxo, luns 4 de xuño de 2018

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez